

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE BARBADÁS

*APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE EMPREGO RESULTANTES DOS PROCESOS SELECTIVOS DERIVADOS DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE BARBADÁS*

#### Anuncio

Publicase, para o seu coñecemento xeral, que por Resolución da Alcaldía de data 26/02/2024, Decreto núm. 2024-0517, se aprobaron as bases reguladoras do funcionamento das bolsas de emprego resultantes dos procesos selectivos derivados da oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Barbadás para a estabilización de persoal temporal ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, do seguinte tenor literal:

Bases reguladoras do funcionamento das bolsas de emprego derivadas dos procesos de estabilización do emprego temporal

#### Exposición de motivos.

Segundo o disposto no punto cuarto da Resolución da Alcaldía de data 15/12/2022, Decreto núm. 2022-2573, pola que se aproba a convocatoria e as bases reguladoras dos procesos selectivos derivados da oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Barbadás para a estabilización de persoal temporal ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público: “No caso en que superen o proceso selectivo máis aspirantes que prazas ofertadas, aquelas persoas que non obteñan praza pasarán a ser incluídas en bolsas de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal, segundo proceda, creándose novas bolsas de emprego que deixarán sen efecto as existentes naquel momento”.

Dado que nas bases dos ditos procesos non se regula o funcionamento das bolsas de emprego resultantes, é preciso o establecemento das normas de funcionamento.

#### Base primeira. Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto regular o funcionamento das bolsas de emprego resultantes dos procesos selectivos derivados da oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Barbadás para a estabilización de persoal temporal ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

#### Base segunda. Supostos de aplicación e características do contrato.

As bolsas de emprego serán utilizadas para cubrir as necesidades de persoal urxentes e inaprazables que poidan xurdir no Concello de Barbadás. Porén, e respectando en todo caso as dispoñibilidades orzamentarias do Concello de Barbadás, a legalidade vixente en materia de persoal ao servizo da administración pública e de conformidade coa Lei de orzamentos xerais do Estado, considérase a existencia de necesidades urxentes e inaprazables que poden facer imprescindible o nomeamento ou contratación de persoal para o normal funcionamento dos diferentes servizos.

No caso do persoal laboral as contratacións realizaranse respectando o establecido no Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e, de existir, o convenio colectivo do Concello de Barbadás.

No caso de persoal funcionario os nomeamentos de funcionarios interinos realizaranse conforme co establecido no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e, de existir, o acordo regulador do Concello de Barbadás.

Base terceira. Chamamento para incorporación dun/ha aspirante.

1. Cando as necesidades do servizo así o requiran, procederase sempre ao chamamento do/a candidato/a da bolsa de emprego con maior cualificación nesta e por estrita orde nela, que se atopa en activo na bolsa.

2. Será posible a selección directa dunha persoa candidata da bolsa que substitúa a un empregado público cando o chamamento se produza polo mesmo feito causante e nun prazo menor a un mes entre a finalización da contratación precedente e o novo chamamento.

3. A comunicación realizarase, con carácter xeral, mediante vía telefónica. Realizaranse tres chamadas telefónicas con, polo menos, unha hora de diferenza. Unha vez efectuados os tres intentos, procederase a enviar un correo electrónico (se a persoa o deixou indicado na súa solicitude), outorgando 24 horas, dende a constancia do correcto envío do correo, para a contestación ao chamamento. No caso de non recibir contestación, entenderase que renuncia ao posto sen causa xustificada, e efectuarase o chamamento ao seguinte candidato da bolsa, quedando constancia no expediente.

Se a persoa non especificou correo electrónico de contacto, efectuarase unha última chamada 24 horas despois do primeiro intento. De contestar a esta chamada, deberá aceptar ou renunciar á oferta no momento da chamada. De non contestar, efectuarase o chamamento ao seguinte candidato da bolsa, quedando constancia no expediente.

4. Se a persoa candidata renuncia ao posto por causa xustificada, pasará a estar en situación de suspensión de chamamento. A persoa candidata deberá solicitar a finalización da dita suspensión, volvendo a estar en situación activa no mesmo número de posto que estaba a ocupar na bolsa de emprego. A solicitude deberá estar dirixida ao alcalde da Corporación e presentada nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015. A data na que a persoa volverá a estar en situación activa na bolsa de emprego, será a seguinte:

a) No caso en que a solicitude se presente directamente no Rexistro do Concello de Barbadás, o seguinte día hábil da presentación da solicitude.

b) No caso en que a solicitude se presente a través de calquera outro medio dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, o seguinte día hábil ao que teña entrada no Concello de Barbadás.

5. No expediente tramitado deixarase expresa constancia das variacións producidas na bolsa de emprego.

Base cuarta. Formalización do contrato ou resolución de nomeamento.

1. Unha vez aceptado o chamamento a persoa aspirante disporá dun prazo de tres días hábiles para a presentación do certificado médico que acredite a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto para o que foi chamado. A este respecto, admitiranse certificados médicos expedidos por profesional médico colexiado no exercicio da profesión, tanto do Servizo Público de Saúde como de servizos de entidades privadas.

Así mesmo, de ser o caso, deberá presentar certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais que depende do Ministerio de Xustiza.

2. No caso de non presentar a documentación no prazo establecido, pasarase ao chamamento da seguinte persoa candidata da bolsa, entendéndose que o aspirante renunciou ao chamamento sen causa xustificada.

3. Unha vez recibida e revisada a documentación, o órgano competente procederá a ditar resolución na que se dispoña a formalización do contrato (no caso con expresión da categoría profesional, tipo de contrato, porcentaxe de xornada e demais determinacións establecidas pola lexislación laboral) ou nomeamento da persoa funcionaria interina, segundo corresponda.

4. As seccións sindicais con representación no Concello de Barbadás poderán, previa solicitude, acceder á información relativa ao estado das bolsas, sen prexuízo das precaucións que sexan necesarias de conformidade coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

Base quinta. Procedemento urgente.

Se no informe de motivación da contratación emitido polo correspondente servizo se especifica a urxencia da contratación, aplicarase o procedemento de urxencia.

1. Considerarase procedemento urgente cando o tempo para a incorporación ao posto, sen contar sábados e festivos, sexa inferior a 24 horas.

2. Neste caso realizaranse tres chamadas telefónicas con, polo menos, unha hora de diferenza.

3. De non responder á comunicación, procederase a chamar aos seguintes aspirantes.

4. A falta de contestación telefónica dun candidato da lista para a súa incorporación non será considerada como renuncia, conservando o seu posto na mesma para próximas incorporacións.

Base sexta. Exclusión da bolsa de emprego

1. A exclusión dun aspirante da bolsa de emprego producirase por algún dos seguintes supostos:

a) Solicitude expresa, na que se fará constar o tempo polo que se solicita a exclusión.

b) Rexeitamento de oferta de traballo adecuada por causa non xustificada.

c) Falta de incorporación ao seu posto de traballo tras a aceptación da oferta por causa non xustificada, excepto o rexeitamento a un chamamento efectuado polo trámite de urxencia.

d) Non superación do período de proba.

e) Por ser sancionado, con carácter firme, por unha falta tipificada como grave ou moi grave.

f) Se, tras a finalización dun contrato, o interesado xera dereito a paro.

2. Para estes efectos enténdese como causa xustificativa do rexeitamento da oferta ou da falta de incorporación por algún dos seguintes motivos:

- a) Enfermidade do candidato que lle impida o desempeño do posto de traballo, sempre que sexan debidamente acreditadas mediante certificado médico.
- b) Maternidade ou paternidade, dentro do período legalmente establecido para o goce do permiso debido á devandita situación.
- c) As contratacións noutra empresa ou o nomeamento na Administración.
- d) Alta no réxime de autónomos.
- e) Coidado de familiares dependentes, que sexan debidamente acreditados, anteriores á data na que se realiza a oferta ou se produce a incorporación.

3. A exclusión, segundo o motivo, terá unha duración de:

- a) Polo tempo que conste na solicitude se está motivada pola causa 1.a) da presente base.
- b) Por un ano, se está motivada polas causas 1.b) e 1.c) da presente base. Transcorrido o devandito prazo, o interesado deberá solicitar o reingreso na lista.
- c) De maneira definitiva, se está motivada polas causas 1.d) e 1.e) da presente base.
- d) Por seis meses, se está motivada pola causa 1.f) da presente base. Transcorrido o devandito prazo, o interesado deberá solicitar o reingreso na lista.

4. A exclusión realizarse por resolución de Alcaldía e será notificada á persoa interesada.

Base sétima. Vixencia da bolsa.

As bolsas de emprego resultantes estarán vixentes ata a posta en marcha dun novo proceso que as substitúa, as actualice ou as modifique.

No caso de que a bolsa de emprego se esgote tras o chamamento de todas as persoas que a conforman, poderá procederse a realizar un novo proceso selectivo para a ampliación dela.

Disposición derogatoria.

A creación das bolsas resultantes dos procesos selectivos derivados da oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Barbadás para a estabilización de persoal temporal ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, deixará sen efecto as existentes naquel momento.

Barbadás, 26 de febreiro de 2024. O alcalde.

Asdo.: Xosé Carlos Valcárcel Doval.

**R. 456**